

Presentacion dun libro do II Encontro Internacional de Alfombristas

Achegado por Manuel Lage
Wednesday, 13 de August do 2008
Última actualización Friday, 26 de September do 2008

FRONTPAGE_NO_TRANSLATION_AVAILABLEOs nosos amigos de Huamantla enviannos un convite para asistir á presentación oficial do libro que acaban de editar sobre o último Encontro Internacional de Alfombristas no que a nosa asociación estivo presente.

O acto terá lugar o vindeiro sábado 16 de agosto.

Extractamos un parágrafo do escrito que acompaña o convite:

" (...) De todo este traballo fíxose unha importante recompilación de información que plasmamos nun libro que consideramos moi importante para os que participamos directamente, para os que agora que xa nos coñecen sigan involucrados na nosa arte e tradicións e para aqueles que aínda non tiveron un achegamento connosco, sexa a oportunidade de iniciar o coñecemento do noso traballo e tradición. (...) "A distancia non nos permitirá estar presentes no acto, pero dende aquí queremos felicitalos pola edición do libro, que sen dúbida contribuirá a incrementar a difusión desta tradición que compartimos tanto con Huamantla coma con outras moitas localidades.